O MUNDO QUE QUEREMOS

PROPOSTAS DA COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO

ELECCIÓNS GALEGAS 2016



Un mundo en emerxencia

POBREZA

2.200 millóns de persoas atópanse hoxe en situación de pobreza extrema no mundo (viven con menos dun euro diario). Esta situación afecta particularmente á poboación infantil e ás mulleres. Ademais, a pobreza aumenta nos países desenvolvidos: no Estado español máis dun 29,2% da poboación está en risco de pobreza e exclusión social sendo o país europeo no que máis aumentou este indicador durante a crise despois de Grecia.

DESIGUALDADES

Malia que nos últimos 50 anos o PIB se multiplicou por 60 e a fenda económica entre os países desenvolvidos e a do resto do mundo está diminuíndo, as cifras de desigualdade actuais non teñen precedentes na historia. As 62 persoas máis ricas do mundo acumulan a mesma riqueza que 3.600 millóns de persoas, a metade máis pobre da poboación, a maioría das cales son mulleres (calcúlase que 7 de cada 10 persoas pobres son mulleres). Mentres, os paraísos fiscais esconden ata 12 billóns de dólares.

DESPRAZAMENTOS FORZOSOS

Somos testemuñas do maior movemento de desprazamentos forzosos dende a II Guerra Mundial. 65 millóns de persoas víronse forzadas a saír das súas casas por causas políticas , económicas e ambientais: calcúlase que ata 20 millóns desprazáronse por motivos asociados ao cambio climático. O mar Mediterráneo converteuse nunha gran fosa común na que miles de persoas perderon a vida, máis de 3.000 no que vai de ano e máis de 25.000 nos últimos 15 anos.

CRISE ECOLÓXICA

O actual sistema económico xera desequilibrios medioambientais e sociais, como o cambio climático, que nos colocan nunha situación de crise ecolóxica. De seguir así, no ano 2050, ou antes, necesitaremos máis de dous planetas para satisfacer as demandas de consumo da poboación. Ademais afecta as persoas máis pobres, o 70% de quen sofre a pobreza extrema nos países empobrecidos viven nas zonas rurais, as máis sensibles ao cambio climático, aos sistemas extractivos e aos mercados globais de produtos alimenticios.

Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento

Unha oportunidade para transformar o mundo dende galicia

Ante as vindeiras eleccións galegas, dende a Coordinadora Galega de ONGD demandamos, unha vez máis, políticas que melloren a vida das persoas no mundo tanto dentro como fóra de Galicia. Todos os gobernos de todos os niveis deben responder de forma conxunta ás causas e consecuencias globais da pobreza, as desigualdades e a insustentabilidade ambiental e comprometerse decididamente na defensa dos dereitos humanos en todo o mundo.

A nova axenda internacional, despois de 2015, é unha oportunidade histórica para unir os nosos esforzos aos dos outros países, pobos e territorios para construír as bases dun mundo máis xusto, humano e sostible:

• Obxectivos de desenvolvemento sostible (axenda 2030)

Os 17 ODS e 169 metas, establecidos e aprobados por 193 países en setembro de 2015 na Asemblea Xeral de Nación Unidas, marcan a nova axenda internacional de desenvolvemento ata 2030. Obxectivos como poñer fin a pobreza e a fame, reducir a desigualdade dentro e entre países, lograr a igualdade de xénero e o empoderamento de mulleres e nenas, garantir unha vida saudable e o benestar en todas as idades, unha educación de calidade, e formas de produción e consumo sostibles,etc; que por primeira vez son universais. Os novos obxectivos deberanse aplicar en todos os países por igual, tanto aos países enriquecidos coma aos empobrecidos. Todos os países teñen que poñer medios e medidas para que as metas e obxectivos acordados se cumpran tanto a nivel internacional como a nivel doméstico. Recoñécese así que vivimos nun mundo interconectado onde os problemas e as solucións deben ser compartidas e globais.

• Nova axenda de financiamento para o desenvolvemento en addis abeba

Aprobada en 2015 co acordo de xerar recursos que garantan a aplicación da Axenda 2030. Os países enriquecidos comprometéronse a manter as súas axudas ao desenvolvemento no 0,7 %, ou aumentalas, no caso da UE, ata adicar un 0,2 % do seu ingreso nacional bruto. Ademais, regularanse incentivos públicos para intentar aliñar o investimento privado co desenvolvemento sostible.

• Plataforma de acción beijing +20

Que sitúa o xénero no centro da axenda internacional para loitar contra a feminización da pobreza e crear estratexias para dar cumprimento aos dereitos humanos na vida das mulleres.

• Cop-21 (conferencia internacional sobre cambio climático)

Celebrada en París en 2015, ee que ten por obxectivo último que o aumento da temperatura media a final de século quede por debaixo dos 2ºC sobre os niveis preindustriais, e facer o posible para que sexa por debaixo dos 1'5ºC.

• Pacto galego contra a pobreza

Todos os grupos políticos representados no Parlamento Galego asinaron o Pacto Galego contra a Pobreza, un documento impulsado pola Coordinadora Galega de ONGD que recolle compromisos políticos concretos en relación á cooperación internacional ao desenvolvemento, a loita contra as desigualdades e a favor da xustiza social.

AS ACHEGAS DE GALICIA PARA CONSTRUÍR UN MUNDO MÁIS XUSTO E SOSTIBLE

As medidas propostas pola Coordinadora Galega de ONGD:

01 Recuperar a política pública e social de cooperación ao desenvolvemento.

Garantir a previsibilidade e impacto desta política pública para a loitar contra a pobreza e a desigualdade e construír un consenso político-social ao redor da mesma. Débese impulsar un crecemento anual progresivo e previsible que teña sempre como horizonte o 0,7% do orzamento consolidado da Xunta de Galicia en materia Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD), partindo dun mínimo de 6 millóns de euros e acadando de forma progresiva e planificada o 0,2% ao final da lexislatura. Este crecemento progresivo debe ligarse a un calendario de desembolsos público e planificado conxuntamente cos distintos axentes de cooperación.

02 Prover recursos de calidade, responsables e previsibles.

Establecer compromisos plurianuais de gasto e garantir a publicación anual das distintas convocatorias de axudas en concorrencia competitiva previstas no III Plan Director de Cooperación Galega e con condicións normativas adaptadas á realidade da cooperación ao desenvolvemento. As convocatorias seguirán a ser o principal instrumento para a xestión das axudas da política galega de cooperación ao desenvolvemento e recoñecerán o papel das ONGD como axentes imprescindibles no impulso do desenvolvemento humano sostible.

03 Defender a igualdade de xénero.

Apoiar e promover medidas para eliminar a discriminación por motivos de xénero que rachen coa feminización da pobreza, canalizando fondos cara estratexias que fomenten o cumprimento dos dereitos humanos na vida das mulleres. Garantindo o acceso das nenas e as mulleres á alfabetización e educación básica, á atención sanitaria, á auga potable e ao saneamento básico, etc. Tamén, garantindo o cumprimento dos dereitos sexuais, reprodutivos, económicos, civís, políticos, xurídicos, culturais das nenas e as mulleres e impulsando medidas para a erradicación da violencia sexual, da explotación e trata de mulleres, así como da violencia de xénero e o feminicidio.

04 Educar para a cidadanía global.

Garantir unha dotación orzamentaria dun mínimo do 10% do total da Axuda Oficial ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia á Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global, unha estratexia imprescindible na cooperación ao desenvolvemento para a construción dunha sociedade activa, crítica e preocupada polos temas colectivos, e que reclama o seu protagonismo e fai presión aos gobernos para lograr o benestar de todas as persoas. De forma progresiva, incorporarase nos currículos das distintas etapas educativas e formacións oficiais a educación para a cidadanía global, a educación en dereitos e a educación para a paz como materias específicas e transversais.

05 Promover unha acción humanitaria á altura dos retos actuais.

Avanzar na mellora de capacidades e instrumentos na xestión da acción humanitaria e convertela nunha acción coherente e coordinada . Isto pasa, en primeiro termo por recuperar a convocatoria aberta e permanente de axuda humanitaria e mantela cunha dotación orzamentaria anual dun 10% do total da Axuda Oficial ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia . Incorporando a normativa en materia de calidade da axuda humanitaria establecida internacionalmente.

Apoio ás demandas da Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas: retirada do tratado da UE con Turquía; o cumprimento da legalidade europea e internacional; a garantía de rutas legais e seguras sen condicións; e a ampliación e axilización do sistema de asilo. Tamén un cambio profundo nas políticas de migración e asilo que sitúen no centro ás persoas e o respecto dos dereitos humanos, sen esquecer, que se debe actuar sobre as causas desta crise: loitando contra a desigualdade, reducindo a pobreza e previndo os conflitos armados nas zonas de orixe.

06 Impulsar a axenda 2030 e a coherencia de políticas.

Implementar a Axenda 2030 de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, dende todos os niveis de goberno, poñendo o foco na loita contra a pobreza, as desigualdades e a crise ecolóxico. E facelo coa posta en marcha de políticas coherentes co desenvolvemento humano sostible no conxunto da acción de goberno. As ONGD demandamos o 0,7% para Axuda Oficial ao Desenvolvemento pero preocúpanos, e moito, o que faga a Xunta de Galicia co 99,3% do orzamento restante. Falamos de que os gobernos de todos os niveis establezan cláusulas sociais e ambientais na contratación pública, aposten pola Compra Pública Ética (Comercio Xusto, Banca Ética e Economía Solidaria e Alternativa) ou promovan a transparencia nas administracións públicas así como a cultura de participación cidadá. Tamén que se garanta o cumprimento dos dereitos humanos tanto dentro como fóra das nosas fronteiras: o dereito á vivenda e ao hábitat, á saúde, a servizos básicos como auga ou a enerxía, etc.

07 Establecer medidas para que o sector privado non teña un impacto negativo no desenvolvemento.

Crear mecanismos que garantan que as empresas manteñen unha actuación responsable tanto en Galicia como cando se establezan en países empobrecidos. Iso pasa por respectar os dereitos humanos, o medio e os dereitos laborais, e evitar a evasión e elusión fiscal e a presenza en paraísos fiscais. No eido concreto da definición de programas e proxectos de cooperación internacional o protagonismo debe ser da sociedade civil. As ONG de Desenvolvemento son organizacións de base da sociedade civil que defenden na súa misión, visión e traballo diario a promoción dos dereitos das persoas e a loita contra as desigualdades e a pobreza. Este obxectivo non é unha liña estratéxica máis ou unha consecuencia indirecta do seu traballo. É a súa misión fundamental, o motivo polo que existen, e este é un valor engadido que as diferencia do resto de axentes de cooperación, como poden ser as entidades do sector privado que cada vez adquiren maior protagonismo no eido da cooperación ao desenvolvemento. Neste mesmo sentido resulta imprescindible fortalecer as organizacións da sociedade civil para que poidan exercer adecuadamente o seu rol de monitoreo, vixianza e fiscalización social da actividade de gobernos e empresas e, no eido da coo-

peración, o seu papel de ponte de comunicación entre sociedades civís dos distintos países.

08 Fomentar a participación real e efectiva da sociedade civil.

Institucionalizar a participación das organizacións da sociedade civil (OSC). As OSC terán un papel recoñecido no deseño, organización e xestión das políticas públicas, para o cal se deben reforzar os espazos de diálogo e consulta, e se deben garantir mecanismos para ter unha sociedade informada e implicada.

No eido da cooperación ao desenvolvemento, cambiar o modelo de representación e mellorar o funcionamento do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE), o órgano de consulta e participación da sociedade galega en materia de cooperación para o desenvolvemento. O obxectivo é que este non sexa só un espazo de validación de propostas do goberno senón de construción colectiva. Para garantilo, e ao contrario do que pasa agora, a representación da sociedade civil no CONGACODE deberá ser de 2/3 do total.

Quen somos?

A Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento é unha asociación que agrupa, en 2016, a un total de 46 ONGD que traballan no ámbito da cooperación ao desenvolvemento, a acción humanitaria e de emerxencia, a educación para o desenvolvemento e a incidencia política.

AS ONGD socias da Coordinadora representamos a 31.000 galegas e galegos voluntarios/as, socios/as e persoal contratado que confían no noso traballo diario para mellorar a vida de miles de persoas que viven en países empobrecidos e promover unha sociedade galega crítica e comprometida co desenvolvemento humano e sostible.

Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento

Para máis información:
Coordinadora Galega de ONGD
Rúa dos Basquiños nº33 1ºA
Santiago de Compostela

981.58.51.89 · 618 626 627

proxectos@galiciasolidaria.org
sensibilizacion@galiciasolidaria.org

@cgongd

Cordinadora Galega de ONGD